


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



DL: C 170-2021



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola PM1

Piñeiro de Oregón *Pseudotsuga menziesii* Mirb. Franco

Xacobeo 2021

galicia


Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural



Piñeiro de Oregón

Pseudotsuga menziesii
Mirb. Franco

MODELO SILVÍCOLA PM1

Madeira de serra e chapa

XUNTA DE GALICIA

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- Densidade da plantación: de 1.100 a 1.600 pés/ha.
- Marco da plantación: de 3 a 3,5 m entre liñas.

3 MANTEMENTOS

- Primeiro ano: reposición de marras e roza total.
- Ata a tanxencia das copas mantemento mecanizado, se é posible, entre liñas e manual, nas plantas.



MODELO SILVÍCOLA PM1

ESPECIE: *Pseudotsuga menziesii* Mirb. Franco, aplicable a formacións mixtas con frondosas autóctonas e a coníferas de similar temperamento

OBXECTIVO: madeira para serra e chapa. 200 pés/ha de calidade en corta final

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- Podas:
 - Primeira poda: ata os 2,5-3 m en todas as árbores cando acaden os 6-8 m de altura. Realce previo opcional a 1 m de altura aos 3 a 5 anos.
 - Segunda poda: ata os 5,5-6 m das 300 mellores árbores, cando alcancen os 12 m de altura.
 - Terceira poda: opcional, chegando aos 8 m se é economicamente viable.
- Desmestas: aos 10-15 anos en densidades superiores a 1.500 pés/ha para deixar 900-1.200 pés/ha.
Tratamento de restos por trituración ou retirada para aproveitamento.
- Primeira rarea: aos 18-22 anos ata deixar uns 700-800 pés/ha.
- Segunda rarea: aos 25-30 anos ata deixar uns 450-500 pés/ha.
- Terceira rarea: aos 35-40 anos ata deixar uns 300 pés/ha.
- Cuarta rarea: opcional, aos 45-50 anos ata deixar 200 pés/ha.
Deixar cando menos entre 5-10 anos para realizar a corta de rexeneración.

5 CORTA FINAL

- Idade de corta: aos 60-80 anos.
- Método de corta: corta a feito ou a feito en dous tempos con 25-50 árbores pai por hectárea, durante 5-10 anos.